

“A PATERA”

*Ela cruzou o estreito
nunha triste patera.
Ela pagara a pasaxe
para fuxir da areia.*

*Do deserto maldito.
Esquecer a miseria.
Procurar un destino
onde rompe a marea.*

*Evocar a súa tribu
nas noites eternas.*

*Ser león e ser cebra.
Ser lúa e ser terra.*

*Esperar ese fillo
que no ventre lle medra
e danzar nas tabernas
imitando as gacelas.*

*E soaron disparos...
E volcou a patera.*

“QUINÓN”

*As nubes da incerteza ferintes coma o sol,
sempre sodes Ulises, hai sempre unha Penélope
que agarda con tecidos. E Ítaca está distante
mesmo que fose a penas unha marea de horas,
e Ítaca está distante mesmo que sempre volvas.*

Miro Villar, *Mar de rostros. Gameleiros*

“¡Silencio!”

*A man nerviosa e palpitante o seo,
as niebras nos meus ollos condensadas,
con un mundo de dudas nos sentidos
i un mundo de tormentos nas entrañas,
sentindo cómo loitan
en sin igual batalla
inmortales deseios que atormentan
e rencores que matan,
mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
i escribo escribo ¿para qué? ¡Volvede
ó máis fondo da ¡alma,
tempestosas imaxes!
¡Ide a morar cas mortas lembranzas!
¡Que a man tembrosa no papel só escriba
palabras, e palabras, e palabras!
Da idea a forma inmaculada e pura
¿dónde quedóu velada?*

*COUSOS do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!*

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

*Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca da vagoada máis sola e máis medosa...*

*Rastrexa
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.*

“OS PINOS”

¿Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do plácido luar?

¿Que din as altas copas
de escuro arume harpado
co ser ben compasado
monótono fungar?

-Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta de teu sono,
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden,
e con arroubo atenden
o noso rouco son,
mais só os ignorantes,
e feridos e duros,
imbéciles e escuros
non os entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das idades,
que as voas vaguidades
cumprido fin terán;
pois, onde quer xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.

“The stuff the dreams are made of”

*Por ti sobrevivir coa forza necesaria
para erixirme en sombra do que fun
Sen ti ser eu de novo
orfo doutro destino
resignado a ser eco da túa ausencia
vida e norte en desfile intermitente
Humildemente ser nada por ti
unha figura fuxidía na sombra
da mesma materia que os nosos soños
co espírito intoxicado de nostalxia.*

Lois Pereiro, *Poemas 1981- 1991*

*A noite é un jazz-band
Que interrompen os grilos
Cos seus aplausos.*

Helena Villar Janeiro, *Pálpebra azul*

*O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.*

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*

*Tiven medo de bogar,
tiven medo de auga crara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma,
¡non bogaba!, ¡non bogaba!*

*O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.*

“Encomenda”

*A ti, miña muller, arca pechada
que no seu fondo garimoso encerra
o que me queda santo sobre a terra,
van estes versos de visión dourada.*

*Eles diranche que, ó través da vida,
sempre, sempre miña alma soñadora
pideulle a Dios que na postrera hora
cerre os meus ollos esa man querida.*

*E neles vai, paxaro cara ó niño,
agardando que o colla con cariño,
este meu rogo que a visión compreta:*

*Quero na lousa que me dé sosego
esta palabra que ten luz: "Gallego"
e esta palabra que ten ás: "Poeta".*

*cuqui é pequeno de máis para ser un osiño de peluxe
e cáelle o naris*

por iso non lle gusta ir á lavadora

nin que mamá o colgue a secar polas orellas

ademáis

bótame de menos durante o centrifugado

e eu a el

¿e se lle doe?

as orellas

¿e se lle doen as orellas das pinzas?

ou estar só tanto tempo na trandeira

e eu a el sobre todo hoxe que é luns e ti estás tan lonxe

así que o meto húmido debaixo das sabas

e apérto

para que non chore máis que eu sexa xa grande

que me gusta porque sei que me quiere pequeno

como só poden querer os osiños os nenos

que lle perdoan ata a dor das pinzas

como sei que ti e eu nos queremos

María Lado, casa atlántica casa cabaret

Señor Fuco

¡Pimpinela! ¡Pimpinela! ¡Sabede que se casóu con aquel rapaz que a rondaba - ¡un lacazán! – e que agora os dous durmen e folgan, e fan o pescozo e o ventre gordos á miña conta. ¡Cos meus bens! E polo visto xa venderon o pinal da Bouza e os lameiros do Canabal. ¡Larcháns! ¡Destragadores! Dígovos que hoxe estou como para facer chatolas cos dentes.

[...]

Señor Fuco

Velahí vai... Escoita ti primeiro, Ramonciño, porque vas arder... e non de risa... Como a Xustiza topóu no peto da túa chaqueta un escrito, no que lle pasabas a Micaela una finca das mellores, e todos sabían que xa lle tiñas pasado outras, agora ela di que vivía en pecado mortal contigo.

Don Ramón

¡Eso non é certo!

[...]

Boticario

¿E para min non traes novas ningunhas?

Señor Fuco

Tamén hai algo; pero máis levián. A túa Lela casóuse co carabineiro e xa teñen catro fillos.

[...]

Señor Fuco

Ningún de vós morreu tan adoecido coma min. Ti, Saturio, adormentácheste con xaropes da túa botica, para morreres sen doores. Ti, Ramón, morreches atordoado polo viño e non te decataches do pasamento. A miña norte foi arrabeada. Morrín como un can da rabia, coma quén olla unha fonte de auga pura e non pode bebela. Eu morrín de sede. ¡Morrín por namorarme de vello!

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*

O meu pai contaba como un tormento, como se lle arrincara as amígdalas coa man, a maneira en que o mestre lles arrincaba a gheada da fala para que non dixeran aghua nin ghato nin ghracias. “Todas as mañás tiñamos que dicir a frase Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo. ¡Moitos paos levamos por culpa de Ghuadalagara!” Se de verdade quería meterme medo, conseguíuno. A noite da véspera non durmín. Encollido na cama, escoitaba o reloxo de parede na sala coa anguria dun condenado. O día chegou cunha claridade de mandil de carniceiro. Non mentiría se lle dixera aos meus pais que estaba enfermo.

Manuel Rivas, *¿Que me queres amor?*, “A lingua das bolboretas”

*No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!*

*Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!*

*Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!*

*Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!*

Álvaro Cunqueiro, *Cantiga nova que se chama riveira*

¡AI!...

*¿Como foi?... –eu topábame fóra
cando as negras vixigas lle deron;
polo aramio súa nai avisoume
i eu vinme correndo.*

*¡Coitadiño! Sintindo os meus pasos
revolveu cara a min os seus ollos.
Non me viu... e chorou... ¡ai! Xa os tiña
ceguiños de todo.*

*No me acordo qué tempo me estiven
sobre o berce de dor debruzado;
sólo sei que me erguín co meu neno
sin vida nos brazos...?*

*Bolboreta de aliñas douradas
que te pousas no berce baleiro,
pois por el me preguntas, xa sabes
qué foi do meu neno.*

Manuel Curros Enríquez, Aires da miña terra

SOÑANDO

Escoitando cantos
deume o capricho
no meu refuxio.
Reflexiono sobre a vida
moi tranquilo,
planificando o meu destino,
imaxinando un lugar magnífico.
Ela queríamo explicar.
Intentábao cun ton sereno e frío
e eu atopábame arrepiado
polo perigo,
sentindo envexa
daquela besta inmunda.
Estaba preocupada polo que eu sentía
dende aquela lagoa na que vivía,
rodeada de fina area,
onde había unha serpe
dunha especie moi selecta.
Eu temíalle á morte,
escoitaba risiñas nerviosas
e, con sinceridade,
eu quería voar,
refuxiarme nalgún lugar,
ou converterme en peixe.
Pero acabei rendido,

e os meus ollos ían pechándose,
soñando con canguros,
peixes, serpes...
Foi aquel un gran
descubrimiento,
un fenómeno pouco común.
Sentía que o meu corazón
latexaba, moi rápido,
como o dos animaliños pequenos,
cos dentes rinchando.
Grandes especies
provocabanme sentimentos fatigosos.
Foi un erro
feo,
interesante.

Espírito escuro como a soidade.
Só me sinto como un experimento
sufrindo baixo a lúa
e coas estrelas mirándome.
Todo parece positivo neste
lugar, pero non o é.
Mais teño a esperanza de
que sexamos felices.
Nada é sinxelo.
Todo queda nunha incerteza.

“Argalleiros e argalleiras das letras do IES Castro da Uz” e os seus convidados do IES Moncho Valcarce, Salamanca, 2014.

[...]

-

-Si, señor, si; os mesmos. O Juan Fariña e o Eladio Vilarchao, que están aí nos papeis, son o Bocas e o Milhomes polos alcumes, que é como aquí nos coñecemos todos e que non ofenden a ninguén, porque Xan e Aladio poden ser calisquera, pero o Bocas e o Milhomes só poden ser os que son, do mesmo xeito que eu son Cipriano Canedo e me chaman o Cibrán ou o Castizo, como vostede goste, pois o meu pai tiña un castizo para servir porcas, con licencia... Anque tamén me chamen o Tiñica e o Puchapodre, porque de rapaz tiven a tiña, que me durou ata mozo, e andaba coa gorra moi apegada...

-

- Non, señor non; só era para írmonos entendendo, pois xa me vou deprocatando que vostede non é de aquí...

-

[...]

Eduardo Blanco Amor, *A esmorga*

CHOVE

En Galicia non chove, mexan os gatos.
Galicia, onde a chuvia é arte,
Galicia, onde nunca escampa.

Teño unha pinga cravada no corazón
e eu non sei se é de chuvia, de arte ou
[de amor.

Poallada, trebón, barrufada, chaparrón,
orballada, chuvisca, arroiada, ventisca.

“ESTRUCTURA E SENSO DO HUMOR. Humor e filosofía”

Volvendo ó noso problema do humor, resulta que a ironía do humorista consiste nunha especie de desdobramento da personalidade, nunha visión simultánea de cousas distintas que permite establecer sutiles relatos e contrastes entre as cousas que, ás veces, parecían moi alonxadas. O senso desas relacións e contrastes é una teima por non se dar por vencido do humorista: o humorista non quere traxedias nin quere rir sen máis nin máis, a tontas e a loucas; cando a tristura ou a dor son moi fortes o seu esforzo é máximo e o humor vólvese sarcástico; cando o que hai que evitar é a proclividade ó riso e á comicidade o humorista extrema a súa benevolencia, esfórzase en buscar circunstancias atenuantes do ridículo, chega a se facer cómplice secreto do personaxe ou a situación fustigados polo látigo do riso: mais o seu esforzo ten límites cando a traxedia é inevitable: ou ridiculez insalvable, “inxustificable”, entón o humorista dáse por vencido: tamén el se entrega ó riso ou ó pranto.

Celestino Fernández de la Vega, *O segredo do humor*

[...]

De alguén e de algures sen concreción, naceu a orde temida. Fixouse o día do regreso e da concentración de tódolos exiliados ás aforas da cidade. E como se fose o mandado de todos, non tardou en comezar unha peregrinación de volta nin máis doada nin leda que a que os afastara das súas casas.

O asalto sería tres días despois. Pero as autoridades, diante dunha multitude de centos de miles de persoas, non tiñan argumentos para facelas mudar de idea nin tampouco medios para disolver pola forza a concentración sen facer unha masacre.

-Só desistiremos se nos dan en man a chave dunha vivenda digna e medios para vivir. Non quero promesas para dentro de dous días nin dunha semana, berraba unha muller resumindo o que pensaba a maioría.

[...]

“Esta lingua non quere vivir na favela”

Esta lingua non quere vivir na favela
porque é lingua lume, lanterna e faro
que nos mantén vivos no ceo, dende o tempo dos avós.
Esta lingua non quere ser suburbio
porque ten unha historia inmensa de séculos
luminosos]

na parte de atrás
incluso
no sotaque inevitable dos corazóns resentidos que
odian á nosa tribo.]

Esta lingua non quere habitar nunha cidade estraña
porque está feita a man cos alicerces mansos da
xente boa]

na que aniñou humilde cando era o tempo dos lobos
as mesmas feras que agora volven
famentas de vinganza
dende o máis escuro das súas escuras covas.

Esta lingua quere ser música
acubillo, calma mol, circunstancia feliz.

Poderedes metela na favela
condeala ao suburbio
obrigala a residir nunha cidade estraña.

Tanto ten.

Ela foi.

Ela é.

Ela será.

Francisco Castro, “Esta lingua non quere vivir na
favela”